

Obradoiro: CONTABILIDADE PARA O EMPRENDEMENTO COOPERATIVO

[En colaboración coa Rede Eusumo + ECOBAS + Universidade de Vigo]

DATAS REALIZACIÓN	6 ao 24 de xullo	DURACIÓN	20 horas
HORARIO	Celebraranse dúas sesións virtuais de aprendizaxe os días 6 e 24 de xullo en horario de 11:00 a 12:30 hs. A persoa titora estará dispoñible no seguinte horario de 9:00 a 10:30 hs		
LUGAR CELEBRACIÓN:	Plataforma de teleformación da Unión de Cooperativas Espazocoop http://aulaespazocoop.com		
PERSONA DE CONTACTO	Patane García Méndez	teléfono	881 887 456 / 697 877 773
		e-mail	patane@espazo.coop

PARA INSCRIBIRSE [PREMA AQUÍ](#)

OBXECTIVOS

- Mostrar desde un punto de vista práctico que é, e para que serve, a contabilidade nun proxecto cooperativo.
- Coñecer o proceso contable e a súa relación co resto de ámbitos da empresa, para a toma de decisións.
- Capacitar ás persoas emprendedoras no uso de ferramentas contables para facer previsións.
- Interpretar os estados financeiros e coñecer ferramentas e recursos de apoio, na xestión contable.

PROGRAMA

Módulo 1.- A contabilidade: definición, utilidade, normativa xeral e específica.

Módulo 2.- Os ciclos e os procesos contables. Principais estados económico-financeiros.

Módulo 3.- A contabilidade de custos e a determinación dos prezos.

Módulo 4.- A contabilidade previsional e a toma de decisións. Ferramentas e recursos.

CONTIDOS

Módulo 1.- Presentación de Unión de Cooperativas Espazocoop e da Rede Eusumo. A contabilidade: que é? E para que serve? Quen ten a obriga de levala. Principal normativa que a regula. Plan contable pemes e Orde EHA/3360/2010.

Módulo 2.- O proceso e ciclo contable. A operativa contable: masas patrimoniais, asentos, contas, libros. Os principais estados económico-financeiros. Análise de balances e contas de perdas e ganancias.

Módulo 3.- A contabilidade analítica ou de custos. Custos fixos e variables, custos directos e indirectos, cálculo do punto morto. A importancia da contabilidade de custos na determinación dos prezos

Módulo 4.- A contabilidade previsional como ferramenta para a toma de decisións: contas de resultados previsionais e tesourería previsional. Ferramentas e recursos para apoio nos procesos contables: manuais, formación, ferramentas e software de contabilidade.

METODOLOXÍA

Activa e participativa coa utilización de medios audiovisuais e actividades prácticas de reflexión e debate. O alumnado terá ao seu dispor, na plataforma de teleformación, os materiais do curso para o seu estudo, amais de material complementario que se lles fará chegar a través do foro do curso. Realizaranse dúas sesións virtuais de aprendizaxe coas que reforzar, de xeito síncrono, a relación e traballo colaborativo. As tarefas dispostas na plataforma servirán para facer unha avaliación do aproveitamento do alumnado participante. As canles de comunicación entre o equipo titorial e o alumnado será: o servizo de foros e mensaxería interna da plataforma, o correo electrónico, o telefono e a sala de videoconferencias do curso para a realización das titorías virtuais e as sesións virtuais de aprendizaxe.

Realzaranse dúas sesión virtuais de aprendizaxe no de inicio e finalización do curso. As persoas que non podían participar nelas terán que realizar unha actividade complementaria para completar o curso.

DIRIXIDO A

Persoas cun proxecto de emprendemento cooperativo e que están a poñer en marcha unha empresa, interesadas en facelo ou integradas nunha con poucos coñecementos da xestión contable . Composición do grupo: mínimo 10 persoas e máximo 20.